



**GALLAECIA RAID**



# **XI Trail e Andaina de Orientación**

**Ledoño 20 24**

**GALLECIA RAID**

**CONCELLO CULLEREDO**

**22 de decembro de 2024**

**BOLETIN 1**





## ÍNDICE

1.PRESENTACIÓN .....	2
2.ORGANIZACIÓN E CONTACTOS .....	2
3.LOCALIZACIÓNS .....	2
4.CATEGORIAS .....	3
5.INSCRIPCIÓNS .....	4
6.CRONOMETRAXE .....	4
7.PROGRAMA.....	5
8.NORMATIVA.....	5
9.SEGURIDADE .....	6
10.MATERIAL .....	6
11.MEDIO AMBIENTE .....	7
12.COLABORADORES .....	7



## 1. PRESENTACIÓN

Gallaecia Raid, club de orientación de Culleredo (A Coruña) organiza en colaboración co Concello de Culleredo o vindeiro 22 de decembro de 2024 o **XI Trail e Andaina de Orientación Ledoño 20 24** en Culleredo.

Esta carreira naceu fai once anos coa intención, no só para os que xa coñecen este deporte, sino pra dar un aliciente á xente do mundo das carreiras e andainas de montaña incorporando a orientación ás súas probas, e que poidan gozar do monte desde outro punto de vista.

Poderedes participar desta proba sós ou acompañados. Para os que se inician ou os que queiran participar con nenos recoméndase en formato andaina

**¡¡ Celebraremos o final de tempada e de ano orientando!!**

## 2. ORGANIZACIÓN E CONTACTOS

**GALLAECIA RAID**, en colaboración co Concello de Culleredo.

Dirección da proba: Juan Carlos Carballo e Jose Antonio Balseiro

Cartografía: Pako Diz

Trazados: Juan Carlos Carballo, Jose Antonio Balseiro e Pako Diz

Cronometraxe: Manuel Pedre

Responsable de Seguridade: Fernando Silvarrey

Secretaria: Claudia Oreiro e Tere Silvarrey

Permisos: Ismael Sanjurjo e Tere Silvarrey

Email de contacto: [secretaria@gallaeciaraid.com](mailto:secretaria@gallaeciaraid.com)

## 3. LOCALIZACIÓNS

A proba celebrarase en Ledoño, Concello de Culleredo.



**Centro de competición:** Pista polideportiva Ledoño. Secretaria, salida y meta.  
ctrl+clic: [ubicacion polideportivo](#)



## 4. CATEGORIAS

As categorías de participación serán:

- Trail Longo: 18 km. Aproximadamente
- Trail Curto: 12 km. Aproximadamente
- Andaina: 10 km aproximadamente (Categoría recomendada para iniciación en orientación e para os menores de idade e grupos familiares ou amigos)



## 5. INSCRIPCIÓNS

---

O sistema oficial de inscricións será a través da plataforma tracktharace. ctrl+clic: [acceso inscripción](#)

Os **prezos** das categorías de participación serán:

- **Trail Longo:** 18,00 €
- **Trail Curto:** 16,00 €
- **Andaina:** 12,00 € - menos de 12 anos ou menos: 3,00 €

Aluguer pinza sportident Trail: 3,00 €

Tarxeta pcard sen custo, facilitada pola organización para todos os rexistrados en categoría andaina que non dispoñan de pinza sportident

## 6. CRONOMETRAXE

---

O sistema oficial de cronometraxe e verificación do paso polos controis será o da pinza electrónica sport ident.

No caso de que a base non funcione, deberase utilizar a pinza manual para certificar o paso polo devandito control.

Na categoría de andaina para os que non dispoñan das pinzas sport ident, asignaranse na inscrición unha tarxetas pcard que se facilitará antes da saída da carreira

Ao acabar a carreira será obrigatorio realizar a descarga de finalización da proba e devolver a tarxeta pcard, aínda que non se remate a proba ou se abandone

Os resultados da proba pódense consultar en live resultat e a clasificación publicárase na páxina web da FEGADO. ctrl+clic: [acceso a live resultat](#)

As reclamacións poderán presentarse persoalmente ata 30 minutos despois da chegada do último corredor.



## 7. PROGRAMA

---

### SECRETARIA

8:30 a 10:00

Para entrega de bolsa de corredor se corresponde, tarxetas e pinzas de alugueiro, revisión inscricións, incidencias...

### SAÍDA:

As horas de saída serán graduadas segundo o tipo de percorrido.

10:00: Trail Longo

10:05: Trail Curto

10:10: Andaina

### META:

Peche de carreira de cada competidor unha vez realizada a descarga da carreira en secretaria.

O peche de carreira será as 13:30, a partir desa hora comezarán a retirarse as balizas do terreo.

### ENTREGA DE TROFEOS

Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados masculinos e femininos no Trail Curto e o Longo.

Hora prevista para a entrega de Trofeos: 13:30

A andaina non será competitiva, polo que non haberá trofeos para esta categoría.

## 8. NORMATIVA

---

Os/as participantes deberán actuar con deportividade e respecto cara ao medio natural e as propiedades privadas, deixando sempre as cancelas tal e como llas atoparon no caso de que as houbese.

Os/as participantes non poderán avanzar polas propiedades privadas marcadas no mapa pola cor verde oliva (502.000 e 520.004).

Se un/a deportista retírase deberá comunicalo inmediatamente á Organización.



Mapas en papel irrompible, formato A4 (por definir escala)

Non se entregarán descrición de controis soltas, tampouco estarán impresa no mapa.

Dorsais obrigatorios en todas as categorías: Trail Longo, Trail Curto e Andaina.

Faranse entrega dos dorsais en secretaria antes da hora de saída.

Regulamento de orientación O-pé ([acceso o reglamento](#))

Normativa da liga O-pé ([acceso a normativa](#))

## 9.SEGURIDADE

---

### Calzado

- Aínda que se trata dunha carreira Sprint, unha parte da proba se realizará por zonas de parque, bosque e terreo vasto que adoita estar embarrada e fai moi recomendable calzado con bó agarre.

### Tráfico

- A carreira discorre por vías públicas de pouco tránsito, aberta ao tráfico, é necesario extremar as precaucións e cumprir as normas de circulación peonil.
- Aparecerá no mapa unha estrada pola que estará prohibido o tránsito e estará representada cos símbolos 709 (zona prohibida). Estará habilitado o seu cruce polas zonas indicadas co símbolo 710.1.
- Transitaremos tamén por unha zona urbana con pouca afluencia de peóns, pero debemos tomar precaucións nos xiros e saídas dos portáis.

## 10.MATERIAL

---



## Material Recomendable

- Cortavientos ou chubasquero segundo a previsión meteorolóxica.
- Polainas ou pernas cubertas.
- Mochila de hidratación, Bidón... Habrá avituallamiento ao finalizar a carreira e tamén un avituallamiento no percorrido do TRAIL LONGO, que pode coincidir coas outras categorías (por definir unha vez finalizados os percorridos do mapa).

## Material Obrigatorio

- Teléfono móbil para caso de emerxencia (Nos mapas estarán os teléfonos para chamar)

## 11.MEDIO AMBIENTE

---

A organización acordou unha serie de medidas dentro da área de competición, especialmente desde el punto de vista ambiental:

- Non realizar marcas nin sinais identificativas da proba
- As balizas polas que deben pasar os participantes (puntos marcados no mapa de orientación), son de tea, reutilizadas en carreiras previas e posteriores.
- Nos puntos de concentración, secretaria e transicións, colocaranse diferentes contedores para a selección de residuos.
- Pancartas da zona de saída, reutilizadas en carreiras previas e posteriores.
- Proceder á retirada de todo tipo de sinalizacións instaladas o mesmo día da proba e tras a súa finalización, así como á eliminación de todos os residuos eventualmente xerados.
- Rógase a todos os participantes compartir coche para achegarse ao evento (diminución de emisións de CO2).
- Para o avituallamiento líquido dispoñeráse de garrafas de auga (os participantes deberán achegar o seu propio vaso reutilizable).
- Os resultados da proba comunicaranse de forma on-line para eliminar o papel. Non dispoñible tempo final impreso ao finalizar a proba.
- Finalizada a carreira farase unha revisión, devolvendo a zona ao seu estado anterior á realización da proba.

## 12.COLABORADORES

---





**GALLAECIA RAID**



**Concello de CULLEREDO**



**Deputación DA CORUÑA**



**XUNTA DE GALICIA**



**DEPORTE GALEGO**



**fegado**  
Federación Galega de Orientación



**fedo**  
Federación Española de Orientación